



As mulleres d'hoxe en día
ghastan moita fantasía
escote de dúas cuartas,
a saia pola rodilla.

Andades co peito ó aire
dunha forma escandalosa,
os homes tan espantados
meniñas da moda vosa.

“Dáme un bico Maruxa,
heiche de dar un pataco.”

“Non quero bicos dos homes
que me cheiran ó tabaco.”

VI 894

Algún día por te ver
abrín a porta da eira,
ahora por te non ver
vouna cerrar de carreira.

Baila miña Maruxa,
baila si queres bailar.
Baila miña Maruxa baila,
baila na punta do mar.
Baila na veira do mar,
baila na veira do mar.